



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/9 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:24 horas do día 12 de maio de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 28 de abril de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2026.

2º. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

2.1. COM. PRE.DE INSTALACION DE PANEIS SOLARES EXPTE: 2026/U026/000021



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COM. PRE.DE INSTALACION DE PANEIS SOLARES EXPTE: 2026/U026/000021

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 26.03.2026, que literalmente di:

“ INFORME TÉCNICO

EXPTE: 2026/U026/000021

DATA: RE-999_485 (09/07/2025) – RE-999_557 (27/08/2024) – RE-999_95 (18/02/2025)

ASUNTO: COM. PRE. DE INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES.

INTERESADO: SOLARGAL INSTALACIONES SL (B15991623)

PRESENTADOR: Juan Antonio Vázquez Ramos (32836477K)

PROMOTOR: Víctor Manuel Orgeira Valeiro (34899034F)

NOTIFICACIÓN: Telemática presentador info@solargal.com 981.612273

SITUACIÓN: Colantres 24B

REF. CATASTRAL: 7102416NH6970S0001BU

ORZAMENTO: PEM: 10.977,87€+IVE

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal do concello de Coiros, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente,

Emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

1º Con rexistro de entrada RE-999_485 (09/07/2025) D. Juan Antonio Vázquez Ramos (32836477K) en representación de SOLARGAL INSTALACIONES SL (B15991623) achega comunicación previa de obras en parcela con referencia catastral 7102416NH6970S0001BU sendo o promotor das obras Víctor Manuel Orgeira Valeiro (34899034F) coa seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previa
- Aclaración de datos do interesado e promotor
- Autorización de representación e copias DNI
- Descrición da instalación fotovoltaica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Sanduende Otero col 3145 COETICOR
- Anexos: fotografías, ficha técnica paneis e inversores
- planos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- orzamento PEM: 10.977,87€+ IVE

2º/ Con rexistro de entrada RE-999_557 (27/08/2024) D. Juan Antonio Vázquez Ramos (32836477K) en representación de SOLARGAL INSTALACIONES SL (B15991623) achega

- Escritura de obra nova

3º/ O 11/02/2026 a técnico que subscribe emite informe requiring documentación.

4º/ Con rexistro de entrada RE-999_95 (18/02/2025) D. Juan Antonio Vázquez Ramos (32836477K) en representación de SOLARGAL INSTALACIONES SL (B15991623) achega:

- Certificado de capacidade portante asinado polo arquitectao técnico Javier Lopez da Vila colexiado 2691

Indica a sua vez que na memoria descriptiva indicase que a instalación fotovoltaica será con excedentes vertidos a rede.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

Analizada a documentación achegada esta considérase suficiente.

OBXECTO DAS OBRAS

Da documentación achegada despréndese que se pretende a instalación de 28 módulos fotovoltaicos para autoconsumo de 12,74WP, con vertido a rede con inversor na parcela con ref. Cat 7102416NH6970S0001BU pretendéndose a súa instalación sobre a cuberta da vivenda familiar existente no predio.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG)
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación.

CUMPRIMENTO DO RÉXIME DE APLICACIÓN:

1.- O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO NÚCLEO RURAL coa calificación de EXTENSIÓN de núcleo rural definida no título III da normativa.

A Disposición transitoria primeira da LSG- Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2- A obras pretendidas supoñen unha mellora nas instalacións existentes sen modificar o uso actual. No punto c) do artigo 135 da LSG establece que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos, e en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legal legalmente exixibles. Considéranse obras de mellora e conservación.

3- As obras pretendidas en calquera caso deberán cumprir as normas de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe do artigo 91 da Lei.

A instalación pretendida situarase na cuberta dunha construción existente, entendéndose que ao non atoparse próximo a edificios de grande importancia ou calidade, nin nunha paisaxe aberta ou natural e tendo en conta que non se modifican os materiais da construción principal que xa está completamente rematada, esta instalación adáptase ao ambiente circundante.

Ademais en aplicación da parte cuarta do documento básico de aforro de enerxía do código técnico da edificación as edificacións de nova planta deberán contar con contribución solar para auga quente sanitaria, o que conleva na maior parte dos casos á colocación de paneis solares (neste caso para ACS) nas cubertas ou parcelas dos edificios, polo que non resulta unha instalación allea ao medio onde se pretende implantar

CONCLUSIÓNS

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
 - 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
 - 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:- Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas
- Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico artístico, nin afecta a dominio público
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.

4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.

5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.

6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.

7.- DISPOSICIÓNS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.

8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

9.- A instalación deberá ser legalizada ante a a Dirección Xeral de Planificación enerxética e Recursos naturais da Consellería de economía, Industria e Innovación.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 26 de marzo de 2026

A arquitecta municipal:

Iria Pérez Miranda."

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
- 1.2.- Servizos urbanísticos:
- 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
- De obra menor: 10 euros.
-
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 10.997,87 €.
Importe : 384,83 €

TOTAL: 384,83 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

2.2. SOLICITUDE DE LICENZA DE DEMOLICIÓN DE GALPÓN E LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN PLANTA BAIXA, ROCHO E PECHE. EXPTE: 2026/U022/000008

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 11 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: SOLICITUDE DE LICENZA DE DEMOLICIÓN DE GALPÓN E LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN PLANTA BAIXA, ROCHO E PECHE.
EXPTE: 2026/U022/000008

Con RE-999_3 (07/01/206) Manuel Rodríguez Mourelle (****856**) en representación de Diego Piñeiro Martínez (****237**) presenta solicitude de licenza de edificación para demolición de almacén existente e construción de vivienda unifamiliar illada en planta baixa e rocho e peche no lugar de Casal en parcela con referencia catastral 0889905NH7808N0001ZX, achegando Proxecto básico de demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Manuel Rodriguez Mourelle col 5.096 COAG.

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 23.04.2026, que literalmente di:

“INFORME TÉCNICO **EXPTE: EXP:2026_U022_0000008**

DATA:	RE-999_3 (07/01/206) – Re-999_191 (25/03/2026) – RE-297 (16/04/2026)
ASUNTO:	SOLICITUDE DE LICENZA DE DEMOLICIÓN DE GALPÓN E LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN PLANTA BAIXA, ROCHO E PECHE
SOLICITANTE:	Diego Piñeiro Martínez (****237**) e Ana Isabel Castro Rico (****273**)
PRESENTADOR:	Manuel Rodríguez Mourelle (****856**)
SITUACIÓN:	Casal
REF. CATASTRAL:	0889905NH7808N0001ZX
DOCUMENTACIÓN:	Proxecto básico
ORZAMENTO:	PEM: 129.696,00€
SUPERFICIES:	SUP. PARCELA: ven de segregacion brutas1079m² neta: 1016m² SUP. COMPUTABLE: 177,12m² SUP. OCUPADA: 177,12m²
ALTURA:	ALTURA: PB. 3,20. Galpón 2,80m
TÉCNICOS:	REDACTOR: Manuel Rodriguez Mourelle col 5.096 COAG DIRECTOR OBRA:  DIRECTOR EXECUCIÓN:  COORD. SEG. E SAÚDE: 
SERVIZOS:	segundo o proxecto conta con abastecemento e saneamento municipais
SUP. CESIÓN:	ven de segregación 63m²
TAXA:	50€ (23/03/2026)
ICIO (3,5%):	4.539,36€ (09/04/2026)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Iria Pérez Miranda, arquitecta superior Colexiada número 3194 do COAG, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente consistente en:

1º RE-999_3 (07/01/206) Manuel Rodríguez Mourelle (****856**) en representación de Diego Piñeiro Martínez (****237**) presenta solicitude de licenza de edificación para demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar illada en planta baixa e rocho e peche no lugar de Casal en parcela con referencia catastral 0889905NH7808N0001ZX, achegando a seguinte documentación:

- Instancia xeral solicitando licenza de edificación
- Proxecto básico de demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle col 5.096 COAG
- Acreditación de representación

Autorízase a descarga do COAG do número de expediente 2600029, traballo 2.

Solicítase a descarga o 11/03/2026, obtendo a seguinte documentación:

Proxecto básico: Memoria, planos e orzamento

2º O 12/03/2026 a técnico que subscribe emite informe requirindo unha serie de subsanacións/ aclaracións.

3º Con RE-999_191 o 25/03/2026 Manuel Rodríguez Mourelle (****856**) en representación de Diego Piñeiro Martínez (****237**) achega a seguinte documentación ao expediente:

- Acreditación de representación
- Xustificante de abono de taxa
- Anexo ao proxecto básico de demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle Colexiado 5096 do COAG. No anexo incorpora identificación dos promotores, folha de estatística, copia da escritura de compra e informe da segregación previa efectuada así como as variacións no proxecto.

4º O 09/04/2026 a técnico que subscribe vista a documentación achegada emite un informe de requirimento sunha serie de aclaracións/ subsanacións.

5º Con RE-999_297 o 16/04/2026 Manuel Rodríguez Mourelle (****856**) en representación de Diego Piñeiro Martínez (****237**) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Acreditación de representación
- Xustificante de pago do ICIO
- Anexo II ao proxecto básico de demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle Colexiado 5096 do COAG.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Emite o seguinte **INFORME**:

1. OBXECTO:

Segundo proxecto técnico que acompaña a solicitude, refírese á demolición dun almacén existente na parcela de 92m² e construción dunha vivenda unifamiliar illada en planta baixa, rocho e peche na parcela con referencia catastral 0889905NH7808N0001ZX no lugar de Casal.

Infórmase sobre a documentación descargada directamente do colexio oficial, dado que a documentación con entrada por rexistro non conta con validación por ter sido alterada tras o visado oficial.

2. INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considérase suficiente para a concesión da licenza

Antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución e nomeamento da dirección facultativa. Deberase achegar a empresa responsable da xestión de residuos achegando o plan de traballo.

3. DATOS:

Superficie parcela:

Debén dunha segregación. (2023_U018_000005)

- Segundo proxecto: 1116m²
- Segundo catastro: 1116m²
- Segundo escritura: neta 1.016m² tras cesión de 63m²

Superficie de cesión:

A parcela deben dunha segregación (2023_U018_000005) na que a parcela segregada conta cunha superficie bruta de 1079m² e unha cesión de 63m² quedando recollido na escritura achegada e no plano U04 do anexo ao PB, indicando que os terreos deixaranse a cota do viario.

Os terreos obxecto de cesión deberán quedar á cota do viario ao que dan fronte cun mínimo de terreo compactado e mantendo o discurso das augas pluviais.

SUPERFICIES EDIFICACIÓN SEGUNDO PROXECTO:

	SUP ÚTIL	SUP CONSTRUIDA/ COMPUTABLE
VIVENDA	100,27m ²	121,02m ²
PORCHE	41,10m ²	41,10m ²
ROCHO	11,96m ²	15m ²

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

TOTAL	153,33m ²	177,12m ²
-------	----------------------	----------------------

Segundo os datos aportados a superficie computable e ocupada sobre a parcela é de 177,12m²

SERVIZOS:

Segundo o proxecto a vivenda conectarase á rede de abastecemento e saneamento municipal.
As augas pluviais recollidas da cuberta mantense na parcela mediante zanja filtrante.

USO:

O proxecto recolle un programa de vivenda unifamiliar en planta baixa cun rocho exento.

PEM: 129.696,00€

4. CLASIFICACIÓN DO SOLO/ CUALIFICACIÓN:

3.1 LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- 4- Plan Básico Autonómico. D. 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 5- Lexislación sectorial de aplicación.

3.2- RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN

Os terreos onde se pretende a edificación están clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO DE NÚCLEO RURAL, coa calificación de núcleo rural DISPERSO.

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento establece no apartado 2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo,...*

3.3- CUMPRIMENTO DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS (VIVENDA):

O uso principal ou característico definido para esta ordenanza é o de vivenda familiar.

A edificación non poderá destinarse a outros usos agás a presentación do preceptivo proxecto fronte á administración.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Achégase a continuación o cumprimento dos parámetros que lle son de aplicación:

ORDENANZA NÚCLEO RURAL DISPERSO (art. 175 y ss)				
PARÁMETRO		PXOM	PROXECTO	
Tipoloxía		Viv. familiar illada	VIV. FAM. ILLADA CUMPRE	
Parcelación. Parcela mínima		1.000m ²	Bruta 1.076m ² CUMPRE	
Posición		edificaci3ns: 3m a aliñaci3n	>= 3,23m CUMPRE Peches 4m do eixo. CUMPRE	
		edificaci3ns: 3m a lindeiros		
		Peches: aliñaci3n (4m a eixo)		
Volume edificaci3n	Ocupaci3n m3xima		30%	177,12m ² /1079m ² = 16,41% CUMPRE
	Edificabilidade m3xima		0,3m ² /m ²	177,12m ² /1079m ² = 0,17m ² /m ² CUMPRE
	Altura m3xima.		7m (2P)	PB. 3,20. Galp3n 2,80m CUMPRE
	Sotos, semisotos cubertas.	Sotos	Baixo rasante	Non 3 obxecto
			Sobresaír m3x. 1m	
			Non est3 permitido o uso vivenda	
			Altura libre ≥2,2m	
			Non computan edificabilidade	
		Semisotos	A zona do soto que sobresa m3is de 1m computa edificabilidade ²	Non 3 obxecto
		Cuberta	Fald3ns rectos	si CUMPRE
		Altura m3x, cumbreira	3,60m	1,53 CUMPRE
	Pendente		<30° sen crebas	16° - 28% CUMPRE
	Bufardas e mansardas		Non se permiten	-

Outras disposici3ns particulares:

No plano U01 do anexo ao PB rec3llense no interior da parcela d3as prazas de aparcadoiro ao aire libre.

Edificaci3ns auxiliares:

EDIFICACI3NS AUXILIARES (EXTENSI3N DE N3CLEO RURAL) art 188º.2 PXOM

Documento electr3nico asinado dixitalmente cuxa integridade gar3ntese mediante cotexo na Sede Electr3nica deste Organismo co C3digo de Verificaci3n Dixital (CVD) especificado 3 marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de R3xime Xur3dico do Sector P3blico)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PXOM (art 188º.2)	PROXECTO
Non aloxamento de persoas	Rocho vivenda
Altura máxima 3,00m ata o arranque de cuberta Altura máxima cumbreira 1,5m	2,8m . 0,48m CUMPRE
Superficie máxima construída 50m²	20,21m² CUMPRE
Acabado similar ao da vivenda principal. Prohibidos os materiais pensados para revestir.	Pintura e tella. CUMPRE
Poderase adosar lateralmente sempre que exista outra edificación do mesmo tipo na parcela colindante.	Non adosa

PECHE:

Art 165º PXOM	PARÁMETRO:	PROXECTO
	Materiais: deben ser compatibles co medio rural circundante.	Formigón branco e madeira CUMPRE
	En peches de parcela límtase a altura a 1,5m na parte cega de fábrica seguindo os mesmos criterios de acabado que para as fachadas das edificacións. (Prohibición de bloque gris sen revestir, salvo que sexa tratado especificamente como material de acabado, tixolo cara vista, plaquetas,...).	0,5m muro + 0,8m madeira CUMPRE

Art 74º PXOM	PARÁMETRO:	PROXECTO
	1. Os peches de parcela situaranse ao borde das aliñacións sinaladas nos planos de ordenación.	Sobre a aliñación a 4m de eixo
	2. A altura máxima permitida en todos os casos para a parte cega será de 1,6m. Esta altura poderase superar ata os 2,00m con celosía ou forxa así como elementos vexetais.	0,5m muro + 0,8m madeira CUMPRE
	3. Se poderán construír muros de contención.	Non é o caso
	4. Os materiais utilizados serán aqueles pensados para ser vistos, quedando prohibida a utilización de tixolos, bloque, ou outros materiais similares sen revestir. Queda totalmente prohibida a utilización de arames de espino, cristais, e todos aqueles que poidan por en perigo a integridade física das persoas. Muro de bloque recebado e pintado e malla. CUMPRE	Formigón branco e madeira CUMPRE
	5. Admitiranse peches de carácter provisional	Non é o caso.

ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E CONDICIÓNS ESTÉTICAS:

Establecidos no artigo 165.6-*Condicións estéticas* de solo de núcleo rural do PXOM e 91- *Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe* da LSG:

4.

CONDICIÓNS ESTÉTICAS	
PXOM:	PROXECTO
Os tipos de construcións deberán ser adecuados ás súas condicións de edificacións propias do medio rural, para o que danse as	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

seguinte limitacións:		
Manter a escala. Sup. en planta <250m ²	CUMPRE	
Características tipolóxicas. Prohibidas as bufordas, cubertas con crebas e outras características de edificacións urbanas	CUMPRE	
Materiais. Compatibles co medio rural. Prohibese:	Fachada: bloques de formigón sen revestir, tixolo cara vista, plaqueta cerámica,...	CUMPRE
	Cuberta: Fibrocemento cor gris, pranchas metálicas,...	CUMPRE
	Peches de parcela: altura máxima 1,5m e criterios de acabado de fachada	-
LSG. Adaptación ao ambiente e a protección da paisaxe, (art 91)	PROXECTO	
As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	O proxecto xustifica no apartado III da memoria urbanística: a) Non procede b) Non procede c) Cúmrese d) Cúmrese e) Non procede f) Non procede.	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.		
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.		
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.		
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados		
e) Queda prohibida a publicidade estática polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpran as anteriores prescricións		
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.		

ALIÑACIÓN E CESIÓN DE VIARIO:

A aliñación sitúase a 4m do eixe do viario.

A parcela deben dunha segregación na que a parcela segregada conta cunha superficie bruta de 1079m² e unha cesión de 63m² quedando recollido no plano U04 do anexo ao PB, indicando que os terreos deixaranse a cota do viario.

Os terreos obxecto de cesión deberán quedar á cota do viario ao que dan fronte cun mínimo de terreo compactado e mantendo o discurso das augas pluviais.

SERVIZOS:

Segundo o proxecto a vivenda conectarase á rede de abastecemento e saneamento municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

As augas pluviais recollidas da cuberta mantense na parcela mediante zanja filtrante.

3. SEGURIDADE:

3.1. SEGURIDADE ESTRUTURAL:

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegaranse a memoria e os planos de estrutura, así como a correspondente xustificación do CTE DB SE.

3.2. PROTECCIÓN CONTRA O LUME:

O proxecto no apartado 4.1 de cumprimento do CTE achega xustificación do DB SI.

A vivenda é un único sector de incendios sen locais non zons de risco especial.

Sitúanse dos extintores, un na vivienda e outro no rocho. O proxecto recolle que a estrutura cumpre a resistencia R30 exixida polo CTE DB SI.

3.3. SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN:

O proxecto xustifica o DB SUA no referente a opcións de deseño contempladas no proxecto básico. Xustificándose no proxecto de execución as consideracións construtivas.

3.4. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegárase o Estudio básico de Seguridade e saúde.

4. HABITABILIDADE:

O proxecto incorpora no apartado de cumprimento doutras normativas a xustificación das normas de habitabilidade de Galicia.

Xustifícase a superficie de iluminación e ventilación das estancias. A dimensión do tandal/ lavandería que supera os 3m máis 0,36m² de ocupación de instalacións). A superficie de almacenamento de máis de 4m³ (sen contar o rocho) e a separación ao terreo.

Achega sección con indicación de que a altura libre ata falso teito é de 2,6m.

5. AFORRO DE ENERXÍA:

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegárase xustificación do cumprimento do DB HE do CTE

6. SALUBRIDADE:

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegárase o anexo xustificativo do cumprimento do CTE DB HS.

7. RUIDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegarase o anexo xustificativo do cumprimento do CTE DB HR.

8. OUTROS

8.1. ACCESIBILIDADE:

O proxecto no apartado 5.1 xustifica o cumprimento da Lei 10/2014 para vivenda unifamiliar.

O anexo ao proxecto básico recolle a existencia dun itinerario accesible dende o espazo publico hasta o acceso da edificación.

8.2 RESIDUOS.

O proxecto incorpora no apartado 5.3 a xustificación do cumprimento do RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición no orzamento existe un capítulo de xestión de residuos que ascende a 518,78€.

Indica no anexo ao PB que se trata da demolición dun almacén a base de bloques de formigón de 18,59m de largo e 4,95m de ancho. As placa de fibrocemento existentes conteñen amianto, polo que contactarase cun xestor de residuos autorizado para a súa correcta retirada.

Antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución e nomeamento da dirección facultativa. Deberase achegar a empresa responsable da xestión de residuos achegando o plan de traballo.

8.3 CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegarase o anexo de certificación enerxética do edificio en proxecto.

9. INFORMES SECTORIAIS

Non precisa de informes sectoriais.

CONCLUSIÓN:

Non se ve inconveniente na autorización da demolición de galpón e construción de vivenda unifamiliar illada en planta baixa, rocho e peche no lugar de Casal na parcela con referencia catastral 0889905NH7808N0001ZX.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Tendo en conta todo o anterior, informase a presente no senso **FAVORABLE** e propónse conceder a licenza de obras solicitada coas seguintes OBSERVACIÓNS:

1. O presente informe favorable contempla as obras de demolición de galpón e construción de vivenda unifamiliar illada en planta baixa, rocho e peche cunha superficie construída de 177,12m² no lugar de Casal na parcela con referencia



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

0889905NH7808N0001ZX. Segundo o proxecto básico e anexos asinados polo arquitecto Manuel Rodriguez Mourelle col 5.096 COAG

A cesión de terreos de 63m² foi realizada coa segregación 2023/U018/000005 estando recollido na escritura achegada.

2. A altura libre da edificación (de solo a falso teito) reflectida no proxecto básico é de 2,6m a recoller no proxecto de execución e medición na visita de primeira ocupación.

3. Previo ao inicio das obras deberá achegar proxecto de execución e nomeamento da dirección facultativa. OI proxecto de execución recollerá os aspectos construtivos do cumprimento do CT EDB SUA. Recollerá o tratamento dos terreos obxecto de cesión que deberán quedar á cota do viario ao que dan fronte cun mínimo de terreo compactado e mantendo o discurso das augas pluviais e as acometidas coas redes de servizo.

Deberase achegar a empresa responsable da xestión de residuos achegando o plan de traballo.

4. Existe rede de abastecemento e saneamento próximas (<100m). Deberase contactar coa empresa concesionaria das redes de abastecemento e saneamento municipal a fin de obter os entronques e as rasantes dos puntos de conexión. Deberá recollerse a conexión no proxecto de execución.

O proxecto de execución achegará a solución as augas pluviais que poderán conectarse as canles de pluviais no caso de existir ou resolverse no interior do predio.

5. O prazo de inicio das obras será de seis meses, contados dende a notificación da licenza municipal correspondente e deberán concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, non podendo interromperse as obras por tempo superior aos 6 meses. En caso necesario o promotor pode solicitar prórroga segundo o disposto no artigo 145.2 da LGS.

6. Antes do inicio da obra deberá situarse visible dende a vía pública cartel de obras indicando como mínimo a seguinte información:

- Obxecto da obra
- Promotor das obras
- Técnicos da dirección facultativa
- Empresa construtora
- Data de comezo efectivo da mesma
- Data de terminación prevista segundo prazos exixidos

7. Unha vez realizadas as obras deberá comunicarse ao Concello a primeira ocupación.

E para que conste aos efectos oportunos expide o presente salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros
en Coirós a 23 de abril de 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste
Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

a arquitecta municipal.
Iria Pérez Miranda "

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Outorgar licenza urbanística para demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar illada en planta baixa e rocho e peche no lugar de Casal en parcela con referencia catastral 0889905NH7808N0001ZX, consonte o Proxecto básico de demolición de almacén existente e construción de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle col 5.096 COAG.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe. Previo ao inicio das obras deberá achegar proxecto de execución e nomeamento da dirección facultativa.

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
 - 1.2.- Servizos urbanísticos:
 - 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
 - De obra maior: 50 euros.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 129.696,00€.
Importe : 4.539,36 €

TOTAL:4589,36 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo"



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O alcalde introduce un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria e trátase dunha licenza de segregación presentada en 2025, polo que procede non adiar a súa resolución.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.

2.3. Licenza de segregación en Figueiras presentada por María Paloma Teijeiro Núñez. EXP.: 2026/U018/000001.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: licenza de segregación en Figueiras presentada por María Paloma Teijeiro Núñez. EXP.: 2026/U018/000001.

Por rexistro RE-129 (26/03/2025) ten entrada o Concello a Solicitud de licenza de segregación presentada por María Paloma Teijeiro Núñez (32414748C), en representación de D Miguel Teijeiro Núñez (32430711K) e Gonzalo Teijeiro Núñez (32428308X), a que acompaña Proxecto de segregación redactado por Marcos Ferreiro Ferreiro, Enxeñeiro tec agrícola colex. 1868.

O 20/03/2026 emite informe a arquitecta municipal, que se transcribe:

“ **INFORME TÉCNICO** **EXP.: 2026/U018/000001**

DATA:	RE-129 (26/03/2025)
ASUNTO:	SOLICITUDE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
INTERESADOS:	María Paloma Teijeiro Núñez (32414748C), Miguel Teijeiro Núñez (32430711K), Gonzalo Teijeiro Núñez (32428308x)
NOTIFICACIÓN:	telemática Marcos Ferreiro Ferreiro 627.957261
DOCUMENTO:	Proxecto de segregación
REDACTOR:	Marcos Ferreiro Ferreiro. Enxeñeiro tec agrícola col 1868
SITUACIÓN:	Figueiras
REF. CATASTRAL:	8576502NH6887N0001PW
REXISTRO PROP:	finca 9543. IDUFIR: 150020001048076

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

SUP. CESIÓN MUNIC: 25m²+ 22m²+ 21m²

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal de Coirós, tendo en conta a documentación obrante no concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente::

1º/ Por rexistro RE-129 (26/03/2025) ten entrada o Concello a Solicitud de licenza de segregación presentada por María Paloma Teijeiro Núñez (32414748C) a que acompaña a seguinte documentación:

- Instancia de solicitude de licenza de segregación e parcelamento
- Poder notarial de D Miguel Teijeiro Núñez (32430711K) e Gonzalo Teijeiro Núñez (32428308x) a favor de María Paloma Teijeiro Núñez (32414748C)
- Nota simple rexistro da propiedade finca 9543. IDUFIR: 150020001048076
- Proxecto de segregación memoria
- Plano 1. situación urbanística
- Plano 2. Finca matriz
- Plano 3. Fincas resultantes de la segregación
- Ficha urbanística
- Nota simple

Emite o seguinte **INFORME:**

1. OBXECTO DA SOLICITUDE

Segundo a información que se desprende do proxecto achegado preténdese da finca de orixe (resultado do proceso de concentración parcelaria 1341) a segregación de dúas parcelas co resultado de tres parcelas edificables en núcleo rural, e a cesión de terreos afectos a viais.

2. DATOS

PARCELA DE ORIXE.

A parcela de orixe é a parcela de resultado 1341 de concentración parcelaria, achégase nota simple do rexistro da propiedade identificada como finca 9543 IDUFIR 15002001048076 (tomo 1504, libro 89, folio 58).

Coincide coa referencia catastral 8576502NH6887N0001PW

DATOS:

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:

A parcela de orixe está clasificada integramente como solo de núcleo rural con ordenanza EXTENSIÓN de núcleo rural.

A parcela debén dun proceso de concentración parcelaria con nº de parcela 1341.

Superficie parcela:

Superficies segundo nota simple: 6.090m²

Superficie segundo catastro: 6.090m²

Superficie segundo proxecto: 6.003m²

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Non existen construcións na parcela.

Segundo a nota simple achegada pertence a partes iguais a tres propietarios achegando poder de representación para solicitude de segregación do predio.

3. EXAME DA DOCUMENTACIÓN:

O artigo 23 do PXOM punto 11º determina as obras menores, non estando incluída a segregación nas mesmas.

O artigo 142 da LSG referente a licenzas urbanísticas e comunicación previa establece no seu punto 2.f que as parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación estarán suxeitos a licenza municipal.

Debido a elo e en virtude do artigo 143 da LSG e 23º do PXOM de Coiros, a solicitude de licenza debe vir acompañada de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

Achégase proxecto de parcelación redactado por Marcos Ferreiro Ferreiro enxeñeiro técnico agrícola col.

O artigo 355 do RLSG en canto ao contido dos proxectos de segregación define a necesidade de achegar: Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. Achéganse fichas descritivas das parcelas.

Segundo a nota simple achegada pertence a partes iguais a tres propietarios achegando poder de representación para solicitude de segregación do predio.

4. RÉXIME URBANÍSTICO

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19.09.2002. (PXOM) e as súas modificacións posteriores.
- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- Lexislación sectorial de aplicación.
- Plan Básico Autonómico

RÉXIME DE APLICACIÓN:

O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO NÚCLEO RURAL definida no título III da normativa.

A Disposición transitoria primeira da LSG- Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

O PXOM cualifica a totalidade dos terreos como EXTENSIÓN de núcleo rural.

5. LEXISLACIÓN SECTORIAL

CONCENTRACIÓN PARCELARIA:

A parcela de orixe é derivada do proceso de concentración parcelaria con número 1341.

6. AXUSTE DO PROXECTO ÁS DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS DO PXOM E DA LSG E LEXISLACIÓN SECTORIAL:

3.1. DETERMINACIÓNS DO PXOM:

A parcela de orixe está clasificada segundo o Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19/09/2002 (publicado no BOP 15/10/2002 e no DOG 07/10/2002) integramente como SOLO DE NÚCLEO RURAL, coa ordenanza de EXTENSIÓN de núcleo rural.

As ordenanzas de aplicación no solo de núcleo rural atópanse no Título VII do documento de normativa do PXOM e son recollidas esquematicamente no proxecto.

As parcelas resultantes cumpren coa parcela mínima establecido na ordenanza de extensión de núcleo rural. As parcelas non contan con ningunha edificación.

CESIÓNS PARA REGULARIZACIÓN DE VIAIS,

O artigo 24 da LSG establece o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural, establecendo no punto 2 que *Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.*

A aliñación sitúase a 4m do eixo do viario ao que dan fronte.

7. DESCRICIÓN DAS PARCELAS DE RESULTADO

PARCELA FINCA MATRIZ RESULTANTE

Integramente clasificada como núcleo rural, coa ordenanza EXTENSIÓN de núcleo rural, cunha superficie bruta de 2.001m², realizando a cesión de 25m² para a regularización de viais situado ao oeste a menos de 4m do eixo do viario existente, quedando unha superficie neta de 1.976m².

Non conta con ningunha construción.

Segundo o establecido no artigo 24 da LSG a parcela conta coas seguintes afeccións:

“- De conformidade con el artículo 24 de la LSG, que durante la construcción de nueva edificación, cambio de uso de los existentes o rehabilitaciones integrales, el proyecto deberá incluir un anexo o proporcionar un proyecto separado que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

refleje las obras de conexión con las acometidas y las obras de urbanización (cesión de terrenos a la rasante del viario al que da frente con continuidad de escurrentía de aguas pluviales).

PARCELA SEGREGADA A:

Integramente clasificada como núcleo rural, coa ordenanza EXTENSIÓN de núcleo rural, cunha superficie bruta de de 2001m², realizando a cesión de 22m² para a regularización de viais situado ao oeste a menos de 4m do eixo do viario existente, quedando unha superficie neta de 1.979m².

Non conta con construcións:

Segundo o establecido no artigo 24 da LSG a parcela conta coas seguintes afeccións:

“- De conformidad con el artículo 24 de la LSG, que durante la construcción de nueva edificación, cambio de uso de los existentes o rehabilitaciones integrales, el proyecto deberá incluir un anexo o proporcionar un proyecto separado que refleje las obras de conexión con las acometidas y las obras de urbanización (cesión de terrenos a la rasante del viario al que da frente con continuidad de escurrentía de aguas pluviales).

PARCELA SEGREGADA B:

Integramente clasificada como núcleo rural, coa ordenanza EXTENSIÓN de núcleo rural, cunha superficie bruta de de 2001m², realizando a cesión de 21m² para a regularización de viais situado ao oeste a menos de 4m do eixo do viario existente, quedando unha superficie neta de 1.980m².

Non conta con construcións:

Segundo o establecido no artigo 24 da LSG a parcela conta coas seguintes afeccións:

“- De conformidad con el artículo 24 de la LSG, que durante la construcción de nueva edificación, cambio de uso de los existentes o rehabilitaciones integrales, el proyecto deberá incluir un anexo o proporcionar un proyecto separado que refleje las obras de conexión con las acometidas y las obras de urbanización (cesión de terrenos a la rasante del viario al que da frente con continuidad de escurrentía de aguas pluviales).

8. CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS:

A Disposición transitoria 1ª da LSG establece no caso de planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei, e non adaptado á Lei 9/2002, que:

2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicarásele integramente o disposto no planeamento respectivo.

Tamén son de aplicación as determinacións sobre parcelacións dos artigos 148 e 150 da LSG. (366 e 368 do RLS)

Art. 148/366- Parcelacións urbanísticas.

Solicítase a segregación de dúas fincas da finca de orixe co resultado de tres parcelas. A parcelación solicitada considerase unha parcelación urbanística de división de terreos a fin da súa edificación.

Art 150/368- Réxime de parcelacións e divisións de terreos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

1. O PXOM do concello de Coiros foi aprobado definitivamente o 19/06/2002 clasifica integramente os terreos como SOLO DE NÚCLEO RURAL
2. As parcelas resultantes contan cunha superficie bruta (art 59 PXOM) superior á determinada como mínima no planeamento: 2000m² en extensión de núcleo rural.
3. As parcelas non contan con edificacións.
4. *En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.*
5. A cesión identificada no documento (25m²+ 22m²+ 21m²) deberá realizarse en documento público.
6. A parcelación urbanística está suxeita a licenza municipal.
7. *Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.*

8.1. CUMPRIMENTO PARÁMETROS

SUPERFICIE PARCELA DE ORIXE	PARC.	SUP. BRUTA SOLO	SUP. CEDIDA	SUP. NETA SOLO	SUP EDIFIC ACIÓN	SUP OCUPADA	PARCELA MINIMA		OCUPACION		EDIFICABILIDADE		
							PROX	PXOM	PROX	PXOM	PROX	PXOM	
6.003m ²	MATR IOZ RESU LT	2.001m ²	25m ²	1.976m ²	-	-	2.001m ²	2.000m ²	-	10%	-	0,2m ² /m ²	CUMPRE
	PARC A	2.001m ²	22m ²	1.979m ²	-	-	2.001m ²	2.000m ²	-	10%	-	0,2m ² /m ²	CUMPRE
	PARC B	2.001m ²	21m ²	1.980m ²	-	-	2.001m ²	2.000m ²	-	10%	-	0,2m ² /m ²	

8.2 DETERMINACIÓNS DA LEXISLACIÓN SECTORIAL:

CONCENTRACIÓN PARCELARIA:

As zonas de concentración parcelaria están reguladas pola Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. O artigo 72.d) establece que unha vez finalizada a reestruturación, solo será válida a división ou segregación de fincas de reemplazo nos seguintes casos:

....

d) Nas fincas de reemplazo clasificadas urbanísticamente, total ou parcialmente, como de núcleo rural, a súa división ou segregación, unha vez finalizado o proceso de reestruturación parcelaria, estará suxeita ao disposto no planeamento municipal ou na súa norma urbanística de carácter subsidiario.

A parcela de orixe están integramente clasificada como solo de núcleo rural, polo que se lles aplica o réxime disposto no planeamento xeral.

PROPOSTA:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación considérase unha parcelación urbanística e debe acomodarse ao disposto na LSG (art 150) réxime de parcelacións e divisións de terreos.

A análise dos parámetros urbanísticos da parcelación proposta. Conforme ás características das parcelas definidas no proxecto de parcelación presentado permite concluír que se axusta á normativa urbanística aplicable.

O artigo 150.6 da LSG desenvolvido polo artigo 368 do seu Regulamento establece que:

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o Concello declare a súa innecesariedade. (Non é o caso).

Por todo o anterior infórmase **FAVORABLEMENTE** a concesión de licenza para a segregación plantexada consistente en:

Preténdese da finca de orixe (resultado do proceso de concentración parcelaria 1341) a segregación de dúas parcelas co resultado de tres parcelas edificables en núcleo rural, e a cesión de terreos afectos a viais. segundo proxecto redactado por Marcos Ferreiro Ferreiro. Enxeñeiro tec agrícola col 1868

Coa configuración descrita no apartado de DESCRICIÓN DAS PARCELAS DE RESULTADO e coas seguintes condicións de carácter particular:

- 1- As fincas resultantes deberanse regularizar no Catastro.**
- 2- A cesión dos terreos para a regularización de viario (25m²+ 22m²+ 21m²) realizarase mediante documento público.**
- 3- As cesións de terreo para a regularización de viais integranse no viario existente non conformando novas parcelas a fin incorporándose ao dominio público municipal destinado a viario.**
- 4- Achegarase copia do presente informe a fin de incorporar a descrición das parcelas de resultado.**

E para que conste aos efectos oportunos expide o presente salvo dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros en

Coirós a 23 de marzo de 2026

a arquitecta municipal
Iria Pérez Miranda



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PLANO PARCELAS DE RESULTADO:



FICHAS PARCELAS DE RESULTADO

O proxecto pretende a segregación da parcela de orixe en dúas parcelas coas seguintes fichas:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

FINCA MATRIZ RESULTANTE:

CLASE DE SOLO: **Núcleo Rural – Extensión de Núcleo Rural**
SUPERFICIE BRUTA: **2.001 m²**
SUPERFICIE DE CESIÓN OBRIGATORIA (Parcela de Cesión 1): **25 m²**
SUPERFICIE NETA: **1.976 m²**
EDIFICACIÓNS: *Non existe actualmente ningunha edificación sobre esta parcela.*
LINDEIROS: *Norte, María Carmen Fagil Novo (1342); Sur, Parcela Segregada A; Este, zona excluída; e Oeste, Parcela de Cesión 1 que a separa de camiño público.*
ACCESO RODADO: *Limita con camiño municipal polo seu vento Oeste.*
AFECCIÓNS:

PARCELA SEGREGADA A:

CLASE DE SOLO: **Núcleo Rural – Extensión de Núcleo Rural**
SUPERFICIE BRUTA: **2.001 m²**
SUPERFICIE DE CESIÓN OBRIGATORIA: **22 m²**
SUPERFICIE NETA: **1.979 m²**
EDIFICACIÓNS: *Non existe actualmente ningunha edificación sobre esta parcela.*
LINDEIROS: *Norte, Finca Matriz Resultante; Sur, Parcela Segregada B; Este, zona excluída; e Oeste, Parcela de Cesión 2 que a separa de camiño público.*
ACCESO RODADO: *Limita con camiño municipal polo seu vento Oeste.*
AFECCIÓNS:

PARCELA SEGREGADA B:

CLASE DE SOLO: **Núcleo Rural – Extensión de Núcleo Rural**
SUPERFICIE BRUTA: **2.001 m²**
SUPERFICIE DE CESIÓN OBRIGATORIA: **21 m²**
SUPERFICIE NETA: **1.980 m²**
EDIFICACIÓNS: *Non existe actualmente ningunha edificación sobre esta parcela.*
LINDEIROS: *Norte, Parcela Segregada A; Sur, María Pilar Núñez Corral (1340); Este, zona excluída; e Oeste, Parcela de Cesión 3 que a separa de camiño público.*
ACCESO RODADO: *Limita con camiño municipal polo seu vento Oeste. Este acceso é un dos que tivo*
AFECCIÓNS:

PARCELA DE CESIÓN 1:

CLASE DE SOLO: **Núcleo Rural – Extensión de Núcleo Rural**
SUPERFICIE: **25 m²**.
OUTRAS:

PARCELA DE CESIÓN 2:

CLASE DE SOLO: **Núcleo Rural – Extensión de Núcleo Rural**
SUPERFICIE: **22 m²**.
OUTRAS:

PARCELA DE CESIÓN 3:

CLASE DE SOLO: **Núcleo Rural – Extensión de Núcleo Rural**
SUPERFICIE: **21 m²**.
OUTRAS:



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Consta documento de cesión, formalizado en documento público en data 12/05/2026.

Consta informe xurídico emitido pola Secretaría municipal o 12/05/2026, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto número 75/2026 o 13 de abril de 2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Outorgar licenza de segregación de dúas fincas da finca de orixe co resultado de tres parcelas en SOLO DE NÚCLEO RURAL, coa ordenanza de EXTENSIÓN de núcleo rural, cedendo os terreos precisos para a regularización de viais, consonte ao Proxecto de segregación redactado por Marcos Ferreiro Ferreiro, Enxeñeiro tec agrícola colex. 1868.

Segundo.- As actuacións axustaranse á documentación presentada e aos informes emitidos.

Terceiro.- De conformidade co último parágrafo do artigo 355.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelamento deberá incorporar anexa una copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos interesados, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Padróns fiscais

3.1. PADRÓN FISCAL SAF MARZO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 11 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL SAF MARZO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Vista a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós, publicada no BOPn.º 124 o 02/07/2014. É obxecto desta Ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Coirós (artigo 1º).

Vista a relación de usuarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar, correspondente ó mes de marzo de 2026 que se xunta á proposta elaborada polos servizos sociais municipais en data 07/05/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar correspondente ó mes de marzo de 2026, tal e como seguen:

USUARIOS: 40 usuarios con copagamento, e 4 beneficiarios están exentos de pagamento
IMPORTE: 2.347,88€

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LXCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será o 25/05/2026.

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Tesouraría municipal, aos efectos oportunos.

Coirós, a data da sinatura dixital.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Persoal

4.1. Convocatoria selección persoal Rural Activo 2026 (Aprol). Expte. 2026/E001/000003

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 11 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria selección persoal Rural Activo 2026 (Aprol). Expte. 2026/E001/000003

Vista a subvención concedida pola Consellería de Política Social correspondente ao programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, por importe de 135.640,24 euros, para a contratación de 8 traballadores/as a xornada completa durante 9 meses para “acondicionamento en espazos comúns e limpeza de montes de titularidade municipal”.

Vista a proposta de bases e convocatoria asinada pola Alcaldía en data 08/05/2026, que se transcriben literalmente:

“PROPOSTA DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DESEMPREGADOS/AS PARA PRESTAR O SERVIZO DE “ACONDICIONAMENTO EN ESPAZOS COMÚNS E LIMPEZA DE MONTES DE TITULARIDADE MUNICIPAL”, FINANCIADO CON CARGO Á SUBVENCIÓN “GALICIA SUMA TALENTO:RURAL ACTIVO. EXPEDIENTE TR351G-2026-00000063-01.

1.- OBXECTO

Contratación laboral, mediante contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de 8 peóns forestais , para a realización das obras e servizos “ACONDICIONAMENTO EN ESPAZOS COMÚNS E LIMPEZA DE MONTES DE TITULARIDADE MUNICIPAL” durante 9 meses, subvencionada a través do programa “Galicia suma talento: Rural activo, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural Galicia suma talento; Rural activo e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G) ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais de Galicia de menos de 50.000 habitantes, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral (código de procedemento TR351G).

As ditas persoas realizarán tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.

A xornada laboral será a tempo completo, de luns a venres, repartidas en horario mañá/tarde segundo necesidades do servizo.

Acordouse fixar as retribucións previstas no Real Decreto 126/2026 de 18 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2026 (BOE Núm. 44, de 19/02/2026, e que conforme ó mesmo o salario a aboar aos traballadores é en importe mensual o da seguinte táboa:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 dígitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
8	10	Peons forestais	8411D	1424,50	38,35	549,14	1973,64	9 M	100,00%	142.102,08€

Estes contratos están financiados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo. A modalidade contractual será a de **contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego**.

A disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego establece que as Administracións públicas poderán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego previstos nesta lei coas persoas participantes en ditos programas e que a súa duración non excederá de doce meses.

2.- REQUISITOS:

- Ter cumpridos os dezaseis (16) anos e non ter acadado a idade de xubilación forzosa
- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público
- Titulación esixida: graduado escolar ou equivalente
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas do obxecto do contrato
- Estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.
- Figurar na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina de Emprego
- Non ter causas de incompatibilidade nin estar separado do servizo das administracións públicas mediante expediente disciplinario
- Posuír o permiso de conducir clase B
- Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 1 (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

As persoas aspirantes presentarán a seguinte documentación como data límite o día de celebración das probas:

- Copia simple do documento de alta e renovación de demanda de emprego (DARDE)
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos na base segunda, segundo o modelo no anexo I
- Copia simple do CELGA 1

3.- PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Coirós.

O resultado das probas, para os efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e localización/situación dos mesmos, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será mediante oferta na Oficina de Emprego de Betanzos e posterior concurso-oposición.

A selección realizarase de entre os candidatos/as remitidos/as por parte do Servizo Público de Emprego a través da presentación da correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego, atendendo ao esixido no artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego; Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, e tendo en conta a Resolución da dirección territorial do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración recibida o 19/05/2025.

A valoración da fase de concurso farase en base á documentación acreditativa das circunstancias a valorar e que achegarán os solicitantes como data límite o día da celebración das probas correspondentes á fase de oposición.

4.1. Fase de concurso:

O tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Xermade.

A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 2,5 puntos, atendendo a criterios sociais, consonte ao disposto no artigo 14.6 da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G).

Outorgarase 0,25 puntos pola pertenza a algún destes colectivos preferentes aos que se refire o citado precepto:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

COLECTIVO	ACREDITACIÓN
Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.	Informe da oficina de emprego
Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia	Informe de servizos sociais
Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero	DNI e informe de Servizos Sociais ou CIM
Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional	DNI e vida laboral
Persoas paradas de longa duración	Informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego
Persoas con discapacidade	Certificado de discapacidade
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	Informe da oficina de emprego
Persoas desempregadas maiores de 45 anos	DNI
Persoas trans	Informe de Servizos Sociais
Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España	Informe de Servizos Sociais
Ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate cónxuce, parella de feito, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	Informe de Servizos Sociais

4.2. Fase de oposición:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 10 puntos.

1º. Proba práctica, na que se demostre o nivel de coñecementos sobre manexo de maquinaria e ferramentas necesarias para desenvolver as tarefas do posto de traballo. Terá unha duración máxima de 30 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos mínimos necesarios para obter esta puntuación.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Os aspirantes remitidos pola oficina de emprego presentaranse o 18 de xuño de 2026, ás 10:00 da mañá, na Nave de usos múltiples no lugar de A Cortella.

3º. Proba de galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado no apartado 3.f desta bases, deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente:

- a) Na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán, ou
- b) Nunha proba oral se nas funcións a realizar se emprega o galego maioritariamente na súa forma oral. Esta proba oral só se poderá realizar se o nivel de Galego esixido e o Celga 1, niveis equivalentes da Escola Oficial de Idiomas ou Curso de Iniciación da lingua galega.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía – Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Coirós.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Coirós.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, cando menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a presidencia e a secretaría ou persoas en que deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal abstenganse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 de lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos por elas.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou os procesos selectivos un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.- PROPOSTAS DE SELECCIÓN:

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Coirós a puntuación total do proceso selectivo e elevará ao Alcalde – Presidente dita relación para a súa aprobación.

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase do seguinte xeito:

1º. Maior puntuación na fase de concurso.

2º. Sorteo.

A selección recaerá no aspirante que obteñan maior puntuación. O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que, sen ser seleccionados, aprobaron todas as probas coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

7.- NORMATIVA:

No non sinalado nas presentes bases estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local e resto de normas que resultaren de aplicación.

En canto á posibilidade de dirimir controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

8.- RECURSOS:

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Xermade, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E DECLARACIÓN XURADA

D/D^a., con DNI n.º e domicilio a efectos de notificacións en, teléfono de contacto, aos efectos de participar no procedemento de selección para a contratación laboral dun/ha oficial/a de 2ª condutor para a realización de tarefas de servizos “ACONDICIONAMENTO EN ESPAZOS COMÚNS E LIMPEZA DE MONTES DE TITULARIDADE MUNICIPAL”, de acordo coas bases da convocatoria,

1º. SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º. DECLARO baixo xuramento:

- Que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

E ACHEGO a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI
- Copia simple do permiso de conducir clase B
- Copia simple do documento de alta e renovación de demanda de emprego (DARDE)
- Copia simple da titulación esixida
- Copia simple do CELGA 1 (de ser o caso)

Así mesmo, autorizo:

- A que sexan comunicadas as actuacións do expediente ao número de teléfono arriba indicado.
- O tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de persoas candidatas, a cualificación de probas e avaliación, a súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Coirós, aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación.

Polo que SOLICITO ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

E para que conste, asino a presente en a de de 2026.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COIRÓS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ANEXO II

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- Responsable de tratamento: O responsable de tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE COIRÓS, con dirección LUGAR COIRÓS DE ARRIBA, 16, 15316 - COIRÓS (A CORUÑA); coiros@coiros.es.

2.- Dpo: O delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE COIRÓS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en coiros@coiros.es.

3.- Finalidade: O acceso á condición de integrante da bolsa de traballo de auxiliares do servizo de axuda no fogar do CONCELLO DE COIRÓS efectuarase de conformidade con esta convocatoria pública e garantirase, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- Lexitimación : A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- Persoas destinatarias de cesións: O CONCELLO DE COIRÓS non cederá os seus datos persoais a ningunha entidade, salvo para dar cumprimento as obrigas normativas propias.

6.- Dereitos : Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI/NIE.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O CONCELLO DE COIRÓS dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitálos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias do CONCELLO DE COIROS LUGAR COIRÓS DE ARRIBA, 16, 15316 - COIRÓS (A CORUÑA); coiros@coiros.es.

Para que podamos gardar os seus datos no proceso de selección, necesitamos que nos outorgue o consentimento.

e podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____

DNI/NIE: _____

SINATURA

ANEXO III: TEMARIO

Tema 1.- Título 1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Capítulos I e II do Título 3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Tema 2.- Roza manual e mecanizada. Emprego de maquinaria e ferramenta.

Tema 3.- Normas xerais de comportamento da circulación: actividades que afectan á seguridade da circulación. Sinalización de obstáculos ou perigos. Nocións básicas de primeiros auxilios.

Tema 4.- Normativa reguladora da sinalización e saúde no traballo. Estudo da sinalización de seguridade no traballo.

Tema 5.- A Seguridade no traballo: Os Equipos de Protección Individual (EPIs).

Tema 6. Coñecemento do contorno físico, natural e xeográfico do Concello de Coirós.

Coirós, na data da sinatura dixital.

Bases propostas pola Alcaldía.

Asdo.- Francisco Quintela Requeijo”

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención municipal en data 11/05/2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases propostas pola Alcaldía en data 08/05/2026 para a contratación de de 8 traballadores/as a xornada completa durante 9 meses para “acondicionamento en espazos comúns e limpeza de montes de titularidade municipal”, e a convocatoria do proceso selectivo.

SEGUNDO: Publicar as bases íntegras no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

Coirós, a luns 11 de maio de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e trinta e seis minutos (14:36) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.